

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data: 29 de outubro de 2024

Duración: Dende as 20:00 até as 22:15 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apellidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777**	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Aprobación, se procede, das actas da sesións anteriores, celebradas os días 2 de setembro e 26 de setembro do 2024.

Pola Alcaldía sométense a aprobación as actas das sesións anteriores, celebradas os días 2 de setembro e 26 de setembro do 2024. Non presentándose observacións, as mesmas resultan aprobadas.

Expediente 255/2021. Aprobación provisional da Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes para a creación de solo industrial.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

A sentenza xudicial 1133/2012, do 20 de decembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), con resolución do 23 de abril de 2013, pronunciose sobre o indebido recoñecemento da delimitación do solo urbanizable industrial (S-01) no planeamento vixente. A modificación puntual obxecto deste expediente clasifica como solo rústico o sector de solo urbanizable en Santa María de Entíns, anulado por dita sentenza xudicial firme, e establece un novo sector de solo urbanizable, destinado a uso industrial, no contorno da Serra de Outes, entre os núcleos de Xurisdición e Brión de Abaixo. Este novo solo urbanizable afecta a terreos clasificados como solo rústico polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente e unha parcela de solo de núcleo rural de Xurisdición.

Mediante acordo do Pleno, con data 25 de agosto de 2022, aprobouse inicialmente a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes, someténdose ao trámite de información pública por prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 234, de data 12 de decembro de 2022.

Unha vez aprobada inicialmente, remitiuse o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia, que levou a cabo as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, solicitando ademais os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

Tras o trámite de consultas, o Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, mediante resolución de data 12 de xullo de 2021, acordou non someter a modificación do PXOM ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, ao concluír que non tería efectos ambientais significativos. En consecuencia, o expediente someteuse ao procedemento de Avaliación Ambiental Simplificada. Esta resolución foi publicada no



Diario Oficial de Galicia o 30 de xullo de 2021, así como no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Así mesmo, tras a aprobación inicial, solicitáronse os restantes informes sectoriais preceptivos, conforme á lexislación vixente, resultando os informes no sentido recollido no Informe de Secretaría nº 2024-0460.

Tomando en consideración o sinalado na consideración xurídica sétima de dito Informe de Secretaría, o expediente foi sometido a un segundo trámite de información pública de dous meses, mediante anuncio publicado no diario "La Voz de Galicia" de data 13 de xullo do 2024. Este novo trámite tiña como finalidade subsanar a falta de publicación do anuncio no primeiro período de información pública. As alegacións presentadas en tempo e forma son as recollidas no Certificado de Secretaría nº 2024-0574.

As alegacións recibidas foron remitidas aos técnicos redactores da Modificación do PXOM o 20 de setembro de 2024, para a emisión do correspondente Informe Técnico. En data 3 de outubro do 2024 emítese pola equipa redactora da Modificación Puntual informe favorable á estimación das alegacións presentadas en data 3 de outubro do 2024.

A modificación puntual, entre outros aspectos, reduce as aliñacións nos núcleos rurais de Coiradas, Entíns e Pazos, incrementando a superficie neta de solo de núcleo rural. Ademais, xustifica que non se incrementa a edificabilidade residencial mediante a modificación da ordenanza do solo de núcleo rural, ao establecer limitacións para a súa materialización (Art. 9.2.6. Condicións da edificación).

Non obstante, tras unha análise detallada do documento, constatouse que coa reclasificación do solo urbanizable S-01, no novo emprazamento, redúcese en 10.989 m² a superficie neta do núcleo rural de Xurisdición, unha cifra moi superior ao aumento de 2.036 m² nos núcleos de Coiradas, Entíns e Pazos.

En vista ao anterior, enténdese que non é necesario impor condicións de edificabilidade para os núcleos rurais de Coiradas, Entíns e Pazos, motivo polo que se realizaron os seguintes cambios no documento con data 22 de outubro do 2024:

- No epígrafe 5, "Finalidade da Modificación", do documento de Memoria Xustificativa, engádese a xustificación do non incremento da edificabilidade.
- No epígrafe 3, "Artigos da Normativa do PXOM modificados", elimínase a modificación referente ao Art. 9.2.6. Condicións da edificación.

O cambios indicados non repercuten no contido do documento nin no alcance deste que se mantén integramente nos termos do documento entregado en data do 3 de outubro de 2024.



Ademais, detectouse a necesidade de corrixir un erro advertido no expediente, relativo á numeración da Modificación Puntual. Así, ao longo da documentación administrativa e técnica faise referencia á "Modificación Puntual N° 1 do PXOM de Outes" e a "MP01PXOM" de xeito abreviado, cando o correcto é denominala "Modificación Puntual N° 2 do PXOM de Outes" ou "MP02PXOM", xa que consta previamente tramitada unha primeira modificación do planeamento urbanístico.

En consecuencia, procede corrixir este erro no presente Acordo de aprobación provisional, conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Finalmente, tal e como se indica nos informes emitidos polos servizos técnicos e xurídicos municipais con datas 11 de xullo e 5 de setembro de 2024, o expediente atópase completo, contando con toda a documentación preceptiva, e sendo conforme coa lexislación urbanística, ambiental e sectorial vixente.

Vista a proposta da Comisión Informativa de Servizos, e de conformidade co disposto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.ii) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proceder á corrección do erro material advertido no expediente administrativo e documentación técnica obrante no mesmo, no seguinte sentido:

- Onde di: "MP01PXOM".
- Debe dicir: "MP02PXOM".
- Onde di: "MODIFICACIÓN PUNTUAL N°1 DO PXOM DE OUTES".
- Debe dicir: "MODIFICACIÓN PUNTUAL N°2 DO PXOM DE OUTES".

SEGUNDO. Estimar as seguintes alegacións polos motivos expresados no Informe emitido polos Técnicos redactores do proxecto de data 3 de outubro de 2024, do que se remitirá copia ás persoas interesadas xunto coa notificación do presente Acordo e, en consecuencia, introducir no proxecto as modificacións indicadas no devandito informe:

APELIDOS, NOME	DATA, HORA E NÚM. REXISTRO ENTRADA
CASTRO ABELLEIRA, ANDRÉS	16/09/2024 19:26 2024-E-RE-1402
MALLO TURNES, JUAN	16/09/2024 20:06 2024-E-RE-1403
MALLO TURNES, PAULA	16/09/2024 21:22 2024-E-RE-1405

TURNES ROMERO, MARÍA MANUELA	16/09/2024 21:29 2024-E-RE-1406
GARCÍA GARCÍA, MANUELA	16/09/2024 23:54 2024-E-RE-1407

TERCEIRO. Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual N.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes nos termos que obran no expediente.

CUARTO. Remitir a Modificación Puntual N.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes á Xefatura da Demarcación de Costas na Provincia da Coruña para a emisión do correspondente Informe.

QUINTO. Recibido o informe anterior, e unha vez dilixenciado, elevar o expediente á Consellaría competente en materia de urbanismo para a súa aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 60.13 e 16 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e artigos 114.13 e 16 do Real Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Durante a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde explica os antecedentes do expediente, subliñando que o Concello de Outes leva desde 2021 traballando nesta modificación co obxectivo de dotar ao municipio de solo industrial tras a anulación do anterior por sentenza xudicial no ano 2013.

Detalla que o proceso de tramitación inclúe unha primeira aprobación inicial en 2022, tras a cal o expediente foi sometido a exposición pública e á consulta de organismos sectoriais. Aclara que todos os informes sectoriais foron favorables e que se presentaron varias alegacións, principalmente relacionadas co ancho dun vial. Indica que estas alegacións foron estimadas favorablemente e integradas no expediente.

Ademais, explica que a aprobación provisional é o último trámite que se realiza no Concello antes de remitir o documento á Demarcación de Costas para o seu informe preceptivo e, posteriormente, á Xunta de Galicia para a aprobación definitiva.

Concédesse o uso da palabra ao Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Domingo Troncoso, quen solicita aclaracións sobre o procedemento. Pregunta se as alegacións deben ser tratadas como un punto independente da orde do día, considerando que é posible que algún grupo político queira apoiar algunhas e rexeitar outras. Afirma que o grupo do PP non está en contra do proxecto, pero lamenta que non se realizaran reunións cos veciños afectados nin se lles proporcionara información clara sobre o impacto do mesmo. Critica que o acceso ao polígono industrial non estea resolto nesta fase documental e que a solución presentada no informe de estradas estea condicionada a futuros estudos. Indica que isto xera incerteza sobre os custos e a viabilidade do proxecto.

O Sr. Alcalde responde que tanto o equipo redactor como a Secretaría avalan que as alegacións se inclúan no mesmo punto da orde do día con carácter previo á aprobación provisional da Modificación Puntual. Sinala que as dúbidas do PP poderían terse tratado na comisión informativa, evitando atrasos innecesarios no pleno. Afirma que a



localización do solo industrial foi consensuada en reunións cos empresarios locais e que se optou pola opción máis viable e axeitada.

A petición do grupo do PP, concédese un receso de 5 minutos. Suspéndese a sesión ás 20:12 horas e reanúdase ás 20:18 horas.

Finalizado o receso, D. Domingo Troncoso reafirma que, malia valorar positivamente a dotación de solo industrial, o proceso debería ser máis transparente e participativo. Critica a falta de claridade no informe de accesos e insiste en que a comunicación coas comunidades afectadas é insuficiente.

De seguido, polo Sr. Alcalde concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do BNG, quen defende que o proxecto é esencial para o desenvolvemento económico de Outes e que o expediente cumpre cos requisitos técnicos e legais. Lembra que o BNG expresou preocupación no pasado pola proximidade do solo industrial ao tanatorio e pola posible influencia de Costas, pero que agora considera que o proxecto conta con todas as garantías necesarias. Reprocha ao PP que durante os seus anos no goberno non impulsaran ningunha solución para o solo industrial tras a sentenza de 2013.

Fai uso da palabra o Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen reitera o apoio do PSOE ao proxecto, destacando que é unha necesidade histórica para o municipio. Valora positivamente que o expediente estea ben fundamentado e asegura que o seu grupo sempre apoiará iniciativas que favorezan o crecemento económico de Outes.

Finalizado o debate, a proposta de acordo é aprobada por 7 votos a favor do Grupo de Goberno e 6 abstencións (PP).

Expediente 490/2024. Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora dos criterios de adjudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas sociais municipais.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Concello de Outes, como titular dunha vivenda situada na Rúa da Capela, nº 15, na Serra de Outes, pretende destinar este e outros inmobles que se adquiran ou adecúen nun futuro a vivenda social, cumprindo así un precepto constitucional de garantir o acceso a unha vivenda digna.

Mediante Providencia de Alcaldía de data 30 de maio de 2024, iníciase a tramitación do expediente para a aprobación da Ordenanza Municipal reguladora dos criterios de adjudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas sociais municipais,



tendo en conta a necesidade de paliar a carencia dunha vivenda digna entre a veciñanza de Outes con recursos insuficientes para acceder ao mercado de alugueiro.

Con data 30 de maio de 2024, Secretaría emitiu Informe sobre o procedemento a seguir para a tramitación da Ordenanza.

De conformidade co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, realizouse unha consulta pública previa á aprobación da ordenanza. O obxectivo deste trámite era solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas sobre os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas. Esta consulta pública estivo dispoñible na páxina web do Concello de Outes desde o 30 de maio ata o 10 de xuño de 2024.

Unha vez finalizado o prazo de consulta pública, Secretaría certifica, con data 11 de xullo de 2024, que non se recibiron alegacións nin suxestións por parte da cidadanía ou organizacións durante o prazo establecido.

Visto o proxecto de Ordenanza redactado polos Servizos técnicos municipais, vista a proposta de resolución PR/2024/181 de 15 de outubro de 2024, e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización das vivendas sociais municipais, co contido que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal na sede electrónica do Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>] e páxina web municipal [www.outes.gal] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar ao Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Durante a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde indica que esta ordenanza regula os criterios de adxudicación, as normas de funcionamento e as taxas das vivendas sociais



municipais. Detalla que a primeira vivenda xa está lista para o seu uso, aínda que queda pendente a dotación de mobiliario, e que o goberno local está a traballar para habilitar máis inmobles destinados a fins sociais.

Concédesse o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen recoñece que a inclusión de criterios como o grao de discapacidade é positiva, pero lamenta que a vivenda dispoñible non sexa accesible para persoas con mobilidade reducida. Pregunta se o Concello ten plans para mellorar a accesibilidade de futuros inmobles.

Pola súa banda, o Sr. Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández subliña que a problemática do acceso á vivenda afecta especialmente á xuventude e ás familias en situación de vulnerabilidade. Valora que esta ordenanza supón un dobre beneficio: dá uso a inmobles en desuso e ofrece solucións habitacionais temporais. Afirma que, malia que a competencia en vivenda é da Xunta de Galicia, o Concello está a asumir un rol activo nesta materia.

Finalmente, D. José Antonio Caamaño aclara que inicialmente o PSOE votou en contra do investimento na rehabilitación da vivenda social polo seu elevado custo, pero que agora apoian a ordenanza porque consideran que o acceso a unha vivenda digna é unha prioridade.

Finalizado o debate, a proposta de acordo resulta aprobada por 7 votos a favor do grupo de goberno e 6 abstencións (PP).

Expediente 687/2024. Aprobación da imposición da taxa por utilización de vivendas municipais destinadas a alugamento social e da Ordenanza fiscal reguladora da mesma.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Considerando que a Alcaldía presentou en data 17 de xullo do 2024 proposta na que argumentaba a necesidade de tramitar o procedemento para a imposición e ordenación da taxa pola utilización de vivendas municipais destinadas a alugamento social, e se incoou procedemento para imposición e ordenación da taxa referida.

Considerando que obra no expediente informe xurídico núm. 2024-0526 emitido en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo, comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación, e que en data 14 de outubro do 2024 emitíuse Informe técnico económico no que se puxo de manifesto a previsible cobertura do custo.



Considerando que pola Intervención emitíuse informe núm. 2024-0078 no que se avaliou o impacto económico-financeiro da proposta, así como o cumprimento da normativa aplicable e en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Vista a proposta de resolución PR/2024/182 de 15 de outubro de 2024, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por utilización de vivendas municipais destinadas a alugamento social e a Ordenanza fiscal reguladora da mesma nos termos do proxecto que obra no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público o presente Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [<http://outes.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Durante a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde explica que a ordenanza fiscal ten como obxectivo regular a taxa que se aplicará pola utilización das vivendas municipais destinadas a alugamento social, buscando garantir a sustentabilidade económica deste servizo. Indica que a taxa proposta está aliñada co índice IPREM para que sexa accesible ás persoas con rendas baixas.

Concédesse o uso da palabra á Sra. Voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen critica a demora na tramitación deste asunto. Recorda que a rehabilitación da vivenda está finalizada dende hai meses e afirma que a única vivenda dispoñible para alugueiro debería estar xa habilitada con mobiliario para cumprir o seu propósito. Pregunta ao Sr. Alcalde se hai previsións concretas para solucionar esta situación.

O Sr. Alcalde recoñece a demora na posta en funcionamento da vivenda, atribuíndoa á complexidade administrativa. Engade que están a ultimar os detalles necesarios para que a vivenda estea dispoñible no menor tempo posible.

De seguido concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo do BNG, quen destaca a importancia desta taxa como parte dunha estratexia máis ampla para dar uso ao



patrimonio municipal en beneficio das persoas en situación de vulnerabilidade. Afirmar que a medida non só é socialmente xusta, senón tamén un exemplo de boa xestión pública ao reverter un inmueble en desuso nun recurso útil.

Na súa quenda de palabra, o Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista apoia a proposta, resaltando que esta taxa é un paso necesario para consolidar a política de vivendas sociais no Concello. Engade que, unha vez implementada, esta medida sentará as bases para futuros proxectos similares.

Finalizado o debate, sométese a aprobación a proposta resultando aprobada por 7 votos a favor do Grupo de Goberno, e 6 abstencións do Partido Popular.

Expediente 864/2024. Modificación da Ordenanza Fiscal de recollida e tratamento de lixo.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Considerando que a Alcaldía presentou a súa proposta na que argumentaba a necesidade de tramitar o procedemento para a modificación da Ordenanza Fiscal de recollida e tratamento de lixo.

Considerando que obra no expediente informe técnico económico no que se puxo de manifesto a previsible cobertura do custo do servizo.

Considerando que se emitiu pola Secretaría informe xurídico en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación.

Considerando que se emitiu pola Intervención informe no que se avaliou o impacto económico-financeiro da modificación, así como o cumprimento da normativa aplicable e en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vista a proposta de resolución PR/2024/177 de 11 de outubro de 2024, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a Modificación da Ordenanza Fiscal de recollida e tratamento de lixo no seguinte sentido, tras a enmenda presentada pola Alcaldía:

Modificación do artigo 5º:

1. A cota tributaria da taxa na **modalidade de vivenda** é de 43,65 €/semestre.
2. A cota tributaria da taxa na **modalidade de establecemento de calquera clase aberto ao público** será a seguinte:



- Para establecementos de até 100 m² (incluído) de superficie de venda ou atención ao público: 72,72 €/semestre.
- Para establecementos con superficie de venda ou atención ao público entre 101 e 200 m²: 92,72 €/semestre.
- Para establecementos de máis de 200 m² de superficie de venda ou atención ao público: 112,72 €/semestre.

3. A cota tributaria da taxa na **modalidade de restaurantes, supermercados e almacéns de alimentación** será a seguinte:

- Para locais de até 100 m² (incluído) de superficie de venda ou atención ao público: 87,26 €/semestre.
- Para establecementos con superficie de venda ou atención ao público entre 101 e 200 m²: 107,26 €/semestre.
- Para establecementos de máis de 200 m² de superficie de venda ou atención ao público: 127,26 €/semestre.

4. A cota tributaria da taxa na modalidade de **establecementos hoteleiros** será a seguinte:

- Para establecementos de até 10 (incluído) prazas hoteleiras: 90 €/semestre
- Para establecementos de entre 11 e 20 prazas hoteleiras: 120 €/semestre.
- Para establecementos de entre 21 e 40 prazas hoteleiras: 150 €/semestre.
- Para establecementos de máis de 40 prazas hoteleiras: 200 €/semestre.

5. Aos establecementos e locais dos apartados 2, 3 e 4 que **non teñan actividade comercial** aplicaráselle a cota tributaria da taxa na **modalidade de vivenda**.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade [<http://outes.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

O Sr. Alcalde introduce este punto da orde do día explicando que esta modificación responde ao aumento dos custos derivados do canon imposto por SOGAMA, que incrementou o prezo por tonelada tratada de 60 € a 108 €. Subliña que este incremento representa unha carga adicional para o Concello, obrigándoo a actualizar as taxas para manter a viabilidade económica do servizo. Detalla que, mesmo co novo importe, o Concello asumirá unha parte dos custos, cubrindo o resto os veciños a través das taxas. O Alcalde engade que a ordenanza actualiza as categorías de establecementos para aplicar un sistema máis equitativo e xusto, introducindo tramos en función do tipo e tamaño dos locais comerciais.

De seguido fai uso da súa quenda a Sra. Voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, quen recoñece que o incremento do canon de SOGAMA fai necesaria esta modificación, pero critica a falta de previsión na planificación municipal para mellorar a calidade do servizo. Pregunta por qué non se presentaron medidas adicionais, como a mellora da limpeza dos contedores ou o aumento da frecuencia de recollida, que consideran cuestións fundamentais para xustificar o incremento das taxas. Tamén cuestiona se o novo sistema de tramos está suficientemente detallado na ordenanza para evitar confusión entre os afectados, e pregunta cal sería a taxa aplicable a un restaurante de 100 metros cadrados de superficie.

De seguido, concédese a quenda de palabra ao Sr. Voceiro do Grupo Municipal do BNG, quen afirma que o incremento das taxas é unha medida imprescindible dada a situación xerada por SOGAMA. Subliña que o Concello está a facer un esforzo por asumir parte do custo do servizo, malia o impacto significativo que isto ten nas contas municipais. Responde ás críticas do PP indicando que o goberno local está comprometido coa mellora do servizo, pero que estas medidas deben ser introducidas de forma gradual e conforme ás posibilidades orzamentarias.

Engade que a proposta de modificación busca priorizar a equidade e minimizar o impacto nas economías máis vulnerables. Destaca que, nos últimos anos, o goberno local ten apostado por unha xestión máis eficiente dos recursos municipais, malia as dificultades derivadas de circunstancias externas como o incremento do canon.

De seguido intervén o Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista para subliñar que o incremento no custo do servizo de residuos é unha consecuencia directa da decisión de SOGAMA, e que este tipo de medidas afectan a todos os concellos e veciños de Galicia. Expresa o apoio do PSOE á modificación, pero toma nota das suxestións do PP e explorar posibles melloras no servizo, especialmente no referente á recollida e ao estado dos contedores.



Tras estas intervencións, e a petición do PP, concédese un receso de 10 minutos para que os grupos municipais revisen a proposta de modificación da ordenanza nos seus tramos intermedios. Suspéndese a sesión ás 21:10 horas e reanúdase ás 21:20 horas.

Tras o receso, o Sr. Alcalde presenta a seguinte enmenda para corrixir os tramos intermedios das taxas aplicadas a restaurantes, supermercados e establecementos hoteleiros:

MODALIDADE DE ESTABLECEMENTO DE CALQUERA CLASE ABERTO AO PÚBLICO

- *Para establecementos de até 100 m² (incluído) de superficie de venda ou atención ao público: 72,72 €/semestre.*
- *Para establecementos con superficie de venda ou atención ao público entre 101 e 200 m²: 92,72 €/semestre.*

MODALIDADE DE RESTAURANTES, SUPERMERCADOS E ALMACÉNS DE ALIMENTACIÓN

- *Para locais de até 100 m² (incluído) de superficie de venda ou atención ao público: 87,26 €/semestre.*
- *Para establecementos con superficie de venda ou atención ao público entre 101 e 200 m²: 107,26 €/semestre.*

ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS:

- *Para establecementos de até 10 (incluído) prazas hoteleiras: 90 €/semestre*
- *Para establecementos de entre 11 e 20 prazas hoteleiras: 120 €/semestre.*
- *Para establecementos de entre 21 e 40 prazas hoteleiras: 150 €/semestre.*

Tras o receso, D^a María Beatriz Molinos agradece a clarificación sobre os novos tramos das taxas e insiste na necesidade de que o Concello presente un plan claro para mellorar a calidade do servizo.

Pola súa banda, D. Anxo Núñez reafirma que o incremento das taxas é unha medida de responsabilidade para garantir a sustentabilidade económica do servizo. Resalta que o goberno local está a tomar as medidas necesarias para mellorar o servizo, aínda que estas se implementarán de forma gradual debido ás limitacións orzamentarias actuais.

Finalmente, D. José Antonio Caamaño manifesta que o PSOE apoia a modificación e subliña que, malia tratarse dunha medida impopular, é imprescindible para garantir a viabilidade do servizo. Reitera a importancia de comunicar á cidadanía as razóns desta modificación e as melloras previstas.



Sometida a proposta a votación coa enmenda presentada, ésta resulta aprobada por 7 votos a favor do Grupo de Goberno, e 6 abstencións (PP).

Expediente 752/2024. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 2.987,40€, que se corresponden coas facturas incluídas na seguinte relación contable:

- Relación contable F/2024/47, por importe de 2.987,40€

Visto o informe de reparo número 2024-0034, formulado pola Intervención municipal, en data 16.10.2024, no que se manifesta a falta de autorización de gasto das facturas incluídas na relación contable.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, vista a proposta de resolución PR/2024/185 de 17 de outubro de 2024. e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2024, proponse ao pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 5/2024, por importe total de 2.987,40€, que se corresponden coas facturas incluídas na relación contable referida.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior.

Na **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde informa que o expediente inclúe facturas por un importe total de 2.987,40 €, correspondentes a prestacións realizadas no ano anterior e que, por cuestións administrativas, non foron incluídas no orzamento inicial de 2024. Aclara que se trata de servizos xa prestados, como consta nas facturas



incorporadas ao expediente, e que non é posible rexeitar o seu pagamento sen prexudicar aos provedores implicados. Engade que esta é unha medida excepcional que busca regularizar a situación e evitar futuras reclamacións.

Intervén a Sra. Voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, quen recoñece a necesidade de pagar as facturas, pero critica a xestión que leva a que se acumulen facturas fora de prazo. Pregunta que medidas se están a tomar para que estas situacións non se repitan no futuro e solicita que se melloren os procedementos internos de control orzamentario.

O Sr. Alcalde recoñece que este tipo de situacións deberían evitarse, pero subliña que o recoñecemento extraxudicial é un mecanismo contemplado na normativa precisamente para resolver casos como este. Asegura que o equipo de goberno está traballando para reforzar os controis administrativos e evitar que facturas de exercicios anteriores queden fora dos orzamentos futuros.

De seguido, o Sr. Voceiro do Grupo Municipal do BNG considera que, malia o rigor na xestión financeira que se está implementando, sempre hai marxe de mellora. Afirma que o recoñecemento destas obrigas pendentes é unha mostra do compromiso do Concello cos seus provedores.

O Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista manifesta o seu apoio ó expediente e xa que se trata dunha obrigación ineludible derivada de servizos efectivamente prestados, e que a falta de pagamento destas facturas podería xerar prexuízos económicos e legais para o Concello, ademais de afectar a credibilidade institucional cos provedores.

Finalizado o debate, sométese a proposta a votación, resultando aprobada por 7 votos a favor do Grupo de Goberno, e 6 abstencións (PP).

Expediente 945/2024. Modificación de Créditos	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Incoado expediente de modificación de créditos consistente en Crédito Extraordinario 1 /2024, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais (RLTGX), mediante providencia desta alcaldía que obra no expediente.

Vista a xustificación da mesma na Memoria adxunta, así como os informes de Intervención adxuntos ao expediente.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou favorablemente á proposta de alcaldía e elaborouse Informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Examinada a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado



por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia cos artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990.

Vista a proposta de resolución PR/2024/186 de 17 de outubro de 2024, e en base ao artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, previo ditame da comisión competente, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de crédito 1/2024, na modalidade de **crédito extraordinario**, de acordo ao seguinte detalle:

ALTAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación Presupuestaria		Descrición	CE 1/2024
Programa	Económica		
165	22100	NATURGY IBERIA, S.A SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA RELACIÓN OPA X/2024/2	15.512,82
321	22100		3.932,03
334	22100		2.356,42
2313	22100		4.578,98
920	22100		4.093,68
342	22100		1.071,66
241	22100		3.928,55
330	22100		1.841,02
160	22100		1.965,77
TOTAL			39.280,93€

Aplicación Presupuestaria		Descrición	CE 1/2024
Programa	Económica		
160	22100	NATURGY IBERIA, S.A SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA RELACIÓN F/2024/60	12.370,00
165	22100		10.162,25
2313	22100		1.233,65
2314	22100		385,00
241	22100		1.629,20
321	22100		13.552,62
330	22100		1.952,04
334	22100		2.123,36
337	22100		384,67
342	22100		2.113,77
920	22100		1.999,78
TOTAL			47.906,34€

Aplicación		Descrición	CE 1/2024
Progr.	Económica		
		RELACIÓN CONTABLE F/2024/57 (aplicacións desglosadas na relación contable)	272.970,86€

Aplicación		Descrición	CE 1/2024
Progr.	Económica		
1623	22700	FACTURAS SOGAMA (OUTUBRO E NOVENBRO 2024) Tratamento de residuos	43.300,00 €

Aplicación		Descrición	CE 1/2024
Progr.	Económica		
920	23300	LIQUIDACIÓN ASISTENCIAS TRIBUNAIIS 2024	3.271,01
920	22706		1.851,02
TOTAL			5.122,03€



ALTA EN CONCEPTOS DE INGRESOS

Aplicación			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	408.580,16 €
TOTAL INGRESOS				408.580,16 €

SEGUNDO. Expór o acordo ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados porán examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Iniciada a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde explica que a modificación de créditos, por un importe total de 408.000 €, está financiada con remanente líquido de tesouraría e busca atender gastos correntes que non podían ser previstos inicialmente. Sinala que a finalidade desta modificación é facer fronte a unha serie de gastos pendentes, fundamentalmente relacionados con gastos correntes, para os que non se dispoñía de crédito adecuado no orzamento inicial de 2024.

Detalla que unha parte importante desta modificación destínase a cubrir o incremento unilateral do canon de SOGAMA, que no medio do ano subiu de 60 €/tonelada a 108 €/tonelada. Este incremento, afirma, tivo un impacto significativo no equilibrio orzamentario do Concello. Ademais, menciona que se inclúen outros conceptos, como o recoñecemento contable dunha liquidación pendente coa Deputación do 2019, que, aínda que non implica unha saída de fondos, era necesario incorporar á contabilidade.

O Alcalde destaca que o obxectivo desta medida é iniciar o exercicio seguinte con menor presión financeira e, ao mesmo tempo, mitigar o impacto dos incrementos dos gastos correntes acumulados nos últimos anos.

Pola súa banda, a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular critica que se empreguen os remanentes de tesouraría para financiar gastos correntes e non para investimentos estruturais que beneficien á cidadanía a longo prazo. Lembra que o goberno local aprobou un orzamento "estable e realista" en abril de 2024 e que, só cinco meses despois, este xa se revela insuficiente para cubrir gastos previsibles como os incrementos do canon de SOGAMA ou outros conceptos relacionados co mantemento e servizos básicos. Fai referencia ao informe de Intervención, que advirte sobre os riscos de comprometer a estabilidade orzamentaria e incorrer en déficit nos vindeiros exercicios, a menos que se aumenten os ingresos ou se racionalicen os gastos. Acusa ao equipo de goberno de carecer de planificación e de asumir compromisos de gasto sen o respaldo orzamentario necesario.



O Sr. Alcalde recoñece que a situación financeira está condicionada polo contexto económico e decisións externas, como o incremento unilateral de SOGAMA. Defende que o uso dos remanentes de tesourería é unha ferramenta legal e responsable para facer fronte a obrigas inmediatas e garantir o funcionamento dos servizos municipais. Afirma que o goberno local está comprometido con manter a estabilidade orzamentaria e que se están a buscar solucións a medio prazo para equilibrar as contas.

O Sr. Voceiro do BNG defende a proposta indicando que os incrementos nos gastos correntes son unha realidade que afecta a todas as administracións locais, e que o uso dos remanentes de tesourería para cubrir estas obrigas é unha medida necesaria dadas as circunstancias. Resalta que o goberno local está traballando para minimizar o impacto destas situacións e que a prioridade debe ser garantir o pago en tempo e forma aos provedores e manter a calidade dos servizos.

Finalmente, o Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista expresa o apoio do PSOE á proposta, subliñando que o expediente de modificación de créditos está xustificado e que os gastos incluídos responden a obrigas reais e inmediatas. Coincide en que é necesario mellorar a planificación orzamentaria, pero afirma que esta medida é imprescindible para evitar prexuízos económicos e legais ao Concello.

O Sr. Alcalde agradece as achegas dos grupos e reitera que o uso do remanente é a mellor opción dispoñible para afrontar a situación actual. Procede á votación do punto, que queda aprobado con 7 votos a favor do Grupo de goberno e 6 abstencións (PP).

MOCIÓNS

Non se presentan mocións para o seu debate en pleno.

ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): No pasado mes de setembro o Concello de Outes, a través das áreas de CULTURA, DEPORTES e CENTROS SOCIAIS, sacou as ACTIVIDADES que ofertaba e se impartirían na temporada OUTONO-INVERNO 2024 /2025. Dentro desas actividades desapareceu a actividade “Taller de Patchwork” que se viña impartindo nos pasados anos, na que participaban 16 alumnos de Outes, tendo unha gran demanda.

- ¿Cal foi o motivo polo cal neste OUTONO-INVERNO 2024/2025 non se imparte a actividade “Taller de Patchwork”?
- ¿Cal foi o custo para o Concello de Outes referente ao monitor que imparteu esta actividade no curso pasado?
- Cal foi a recaudación correspondente aos prezos públicos cobrados pola mesma no pasado curso?



RESPOSTA (D. José Antonio Caamaño Lestón): Non houbo acordo coa empresa prestadora do servizo. O custo foi de 800 euros no curso pasado, e o ingreso total por prezos públicos situouse entre os 150 e os 250 euros.

PREGUNTA (D^a. M^a Beatriz Molinos): O pasado día 1 de outubro o Sr. Alcalde ditou tres resolucións de Alcaldía nas que aprobaba as liquidacións á empresa Iberdrola Renovables Galicia relativas ao canon por ocupación de dominio público do Monte Tremuzo, correspondentes aos anos 2024, 2023 e 2022, por valor de 53.630,58 €, 52.018,02 € e 49.212,89 € respectivamente. Chámanos a atención que as liquidacións correspondentes aos anos 2023 e 2022 se fixeran en outubro do ano 2024, cando consideramos que deberían facerse cada unha no ano que lle corresponde de maneira que eses ingresos formasen parte dos ingresos anuais do concello no ano en cuestión, incrementando así a posibilidade de financiamento de gastos por valor equivalente. A nosa pregunta ao respecto é a seguinte:

- ¿Cal foi a razón pola que non fixeron cada liquidación no ano que lle correspondía?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): As liquidacións foron enviadas á empresa, pero houbo un cambio no domicilio fiscal e non foron recepcionadas. Soubemos desta problemática a finais do ano 2023 e instouse aos servizos a facer as indagacións oportunas. Por fin, este ano, foron liquidadas estas cantidades, que tiñan que ser cobradas antes.

No pleno de marzo do ano 2021 o Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Outes presentou unha Moción para que se levara a cabo o Soterramento do Cableado de Suministro Eléctrico na Rúa da Capela, xa que non estaba incluído no Proxecto de Humanización da mencionada Rúa que se estaba a executar.

PREGUNTA (D^a M^a Beatriz Molinos): Esta proposta foi aprobada por unanimidade. No pleno de agosto do ano 2021, o grupo de Goberno naquel momento, no marco dunha modificación de crédito na modalidade de crédito extraordinario con cargo ao Remanente de Tesorería, presentou un orzamento de Unión Fenosa Distribución por un importe total de 46.856,78 Euros para levar a cabo ditas obras. Proposta que tamén foi aprobada.

Máis tarde, según Decreto de Alcaldía Número 2021-0624 de data 31/12/2021, convalídase e aprobase a factura nº OB 9431 (OBRA HUMANIZACIÓN RUA DA CAPELA (OUTES) OBRA CIVIL FENOSA RÚA DA CAPELA), por valor de 36.291 €. O día 13 de setembro deste ano, no Facebook do Concello de Outes o Goberno Municipal fixo unha publicación sobre o uso dos Remanentes de Tesourería, na que se incluía como xa realizado o gasto de 46.856,78 € correspondente a actuación "Soterramento da liña eléctrica da Rúa da Capela". Polo que lle facemos as seguintes preguntas:

1. ¿En que data comezou e en que data foi rematada esta actuación?



2. ¿Os traballos realizados son os correspondentes ao orzamento de UFD que figuraba asociado a esta actuación na Modificación de Crédito aprobada no pleno do 26/08/2021?
3. ¿Cales son os conceptos da factura nº OB9431 aprobada por decreto de alcaldía nº 2021-0624 do 31 de decembro do 2021?
4. ¿En qué consiste a solicitude de intervención de data 30/12/2021 que se menciona no decreto nº 2021/0624?
5. ¿Existe algún informe de intervención relativo ao pago desta factura? en caso afirmativo, ¿que dí ese informe previo o pago da factura?
6. ¿Existe algunha outra factura ao respecto desta actuación? De ser así, en concepto de qué e por qué importe?
7. ¿Está o cableado eléctrico totalmente soterrado? en caso afirmativo, ¿por qué continúan os cables colgados nas fachadas das edificacións na rúa da capela?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): responde ás preguntas plantexada do seguinte modo:

1. Non podo precisar a data de inicio, pero a data de remate foi antes do 29/11/2021.
2. Os traballos correspondentes ao orzamento son unha parte, relacionados coa obra civil, que foi executada pola empresa que estaba a realizar a humanización. O cableado, pola súa banda, fíxoo UFD e está soterrado.
3. O Sr. Alcalde dá lectura aos conceptos incluídos na factura presentada.
4. A intervención solicitou verificar que a factura correspondía co crédito extraordinario aprobado no pleno de agosto e que había expediente de contratación.
5. Si, existe un informe de intervención con reparo ao non haber expediente de contratación. Este foi levantado por necesidades urxentes da actuación.
6. Non existe ningunha outra factura neste momento, pero UFD adoita facturar con demora, polo que se espera recibir máis facturación.
7. O cableado eléctrico está soterrado. Os cables visibles pertencen a Telefónica e ás acometidas individuais dos edificios, que suben polas fachadas.

RÉPLICA (D^a M^a Beatriz Molinos): Vostede di que a empresa encargada da



humanización da Rúa da Capela foi quen realizou o soterramento, pero o pagamento polo soterramento fíxose á empresa Nemesio Ordoñez S.A., que non é a mesma empresa.

Indica tamén que pagaron pola rotura e reparación da calzada, o que resulta curioso, xa que no pleno do 26 de agosto aprobouse a modificación de crédito para realizar esta obra e, ata onde sabemos, a esa data a acera estaba completamente acabada, polo que non foi necesario rompela nin repoñer nada.

O caso é que se fixo unha obra sen crédito, xa que ata a aprobación da modificación de crédito non tiñan orzamento para executar esa actuación. Ademais, trouxeron ao pleno unha actuación incluída nunha modificación de crédito, enganando aos concelleiros ao facerlles crer que ían aprobar un crédito para unha obra que xa estaba realizada.

Á vista destas explicacións e do cúmulo de anomalías neste tema, consideramos que este asunto debe ter un percorrido máis longo que unha simple pregunta no pleno. Di que non se fixo contrato porque había urxencia, pero non entendemos cal era esa premura se a acera xa estaba feita. Este tema merece máis investigación e actuaremos en consecuencia.

RESPOSTA (Sr. Alcalde): O percorrido será o que consideren vostedes oportuno. A empresa que executou os traballos é diferente pero pertence ao mesmo grupo empresarial. Sobre as súas alegacións, o goberno tiña un orzamento de 46.000 euros para o soterramento, resultado dunha moción presentada por vostedes no pleno. Fixemos todo o posible para levala a cabo, entendendo que melloraba a obra. Costou o que tiña que custar e non creo que se producise ningún prexuízo ao Concello.

A nosa conciencia está tranquila, e estou seguro de que a actuación se realizou correctamente. A obra está rematada, o soterramento feito e o retranqueo tamén. Agora temos unha rúa da que podemos presumir.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): ¿Cantas analíticas se realizaron nos últimos 24 meses da auga subministrada a través das redes de abastecemento municipal de Roo e Boel? Das anteriores analíticas, ¿cantas delas deron como resultado 'auga non apta para o consumo'?

RESPOSTA (D^a Alba Quintela, Concelleira de Obras e Servizos): Antes de dar resposta á súa pregunta, quero mostrar o meu agradecemento ao Grupo Popular pola súa pregunta, porque, neste mes de crises variadas e coñecidas por toda a veciñanza do Concello, é a primeira vez que se dirixen a este goberno para interesarse por estes asuntos. Así que, moitas grazas.

Centrándome agora na resposta á súa pregunta, direilles que as analíticas realizadas nos últimos 24 meses foron as contempladas no Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, e anteriormente no Real Decreto 140/2003. En total, realizáronse desde outubro de 2022 ata hoxe 54 analíticas nas dúas redes de abastecemento. Das cales:



- A analítica realizada o 15 de novembro de 2023 deu como resultado auga non apta para o consumo debido á presenza de coliformes na traída de Roo, provocada por un vertido detectado no río o 14 de novembro. Esta incidencia foi comunicada aos usuarios o mesmo día e quedou resolta o 30 de novembro co restablecemento do servizo.
- A analítica realizada o 2 de outubro de 2024 tamén deu como resultado auga non apta para o consumo debido a unha diminución na concentración de cloro causada pola alta turbidez da auga, resultado das fortes chuvias da semana anterior. As restricións seguen vixentes desde o día 15 de outubro.

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira): Dado os últimos acontecementos e problemática co suministro da auga potable da rede abastecemento municipal.

- ¿Pódennos narrar todo o proceso e medidas adoptadas dende que tiveron coñecemento da situación?
- ¿Que tipo de contaminación foi a que levou a declarar a auga non apta para o consumo?
- ¿Que medidas tomaron e se están tomando?
- Que actuacións están a levar cabo na planta de Roo e na de Boel?
- ¿Coas medidas que están a tomar, teñen algunha previsión de cando se poderá restablecer a situación?.

RESPOSTA (D^a Alba Quintela, Concelleira de Obras e Servizos): O día 15 de outubro, sobre as 8:30 ou 9:00 da mañá, unha veciña de Serra de Outes alertounos de numerosos casos de gastroenterite. Informouse de que no PAC de Noia comentaran que a causa podería ser a auga, xa que había varios casos dende esa fin de semana. Ao mesmo tempo, no control diario dos parámetros da auga da piscina municipal detectouse un nivel de cloro moi baixo, polo que se informou ao Concello. Procedeuse a subir os niveis de cloro nas traídas de Roo e Boel e solicitouse unha analítica ao laboratorio.

Antes das 10:00, a Consellería de Sanidade contactou co alcalde para informar dun brote de gastroenterite con posible orixe hídrica. Inmediatamente, informouse á cidadanía mediante as canles dixitais do Concello e megafonía da Policía Local da prohibición de uso da auga para consumo humano. Tamén se recibiu o resultado dunha analítica do 2 de outubro, que mostraba presenza de coliformes na auga.

Dende o día 15 de outubro, mantívose un contacto diario coa Consellería de Sanidade para coordinar as actuacións nas traídas municipais. Tomáronse mostras diarias e realizouse unha desinfección da rede aproveitando a prohibición de consumo. Así mesmo, aumentouse a concentración de cloro na auga.



O día 16 de outubro, recibimos resultados que indicaban presenza de norovirus na traída de Roo. Sanidade tomou novas mostras o día 23, pero non hai unha analítica homologada para detectar este virus en auga. Polo momento, non podemos establecer unha causalidade entre a gastroenterite e a auga con estes datos.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): solicita que se aclare cal será a previsión para o restablecemento da situación.

RESPOSTA (D^a Alba Quintela, Concelleira de Obras e Servizos): Ata que coñezamos os datos da última analítica de Sanidade non podemos avanzar nada. As analíticas realizadas até o momento indican que a auga está en condicións aptas, pero estamos pendentes de establecer unha relación de causalidade entre o brote de gastroenterite e a auga. Isto depende dos resultados da analítica de Sanidade realizada o 23 de outubro.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): Quero agradecer as aclaracións dadas, que considero moi importantes para todos os veciños de Outes.

ROGOS (D. Francisco Calo):

1. "Veciños da Ponte Nafonso solicitan labores de mantemento na pista deportiva e no parque infantil."
2. "Veciños de Cuns queixanse dun valado que dificulta o paso de vehículos e viandantes."
3. "No lugar da Seára (Sto. Ourense), o contedor de vidro invade a calzada provincial, xerando perigo. Rogamos que se traslade ao arcén."
4. "Nas obras da Rúa Doutor Esperante, solicitamos iluminación provisional para mellorar a seguridade dos veciños, sobre todo ao amencer e ao atardecer."
5. "Os danos causados pola borrasca Kirk, especialmente no paseo fluvial do Tins, afectan á seguridade. En concreto, falta unha porta nunha das marxes e noutra faltan táboas. Rogamos que se sinalicen ou pechen as zonas inseguras."

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Tomaremos nota de todos os rogos e traballaremos para resolver as cuestións expostas.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 22 horas e 15 minutos, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

